



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

(Rede Museística Provincial)

Departamento de Difusión

Praza da Soidade, s/n. - 27001 LUGO Telf.: 982 24 21 12 Fax: 982 240 240
difusion@museolugo.org / www.museolugo.org

NOTA DE PRENSA

Con motivo do II Encontro de ArtistaEnRede que vai ter lugar no Museo Arqueolóxico de Cacabelos (León), mañá sábado, día 12, terá lugar unha xornada intensa con catro conferencias de profesionais que proveñen de diferentes campos da xestión cultural, e que traballan en "rede", en colaboración. Un destes profesionais será **ENCARNA LAGO** (xerente da Rede Museística de Lugo), que falará da REDE desde os Museos e de conceptos como o museo social, a comunidade, a inclusión, a visibilidade, a participación cidadá, a interacción, o patrimonio e a colaboración interinstitucional.

Este encontro, no que están inscritas máis de 80 persoas, complétase cunha tarde dedicada aos proxectos de creación, así como un **ciclo de performance** que terá por escenario diversos espazos do museo, con accións artísticas que poñen en diálogo arte, danza, música e teatro.

Lugo, 11 de xullo de 2014



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO

Encarna Lago, poñente no II Encontro ArtistasEnRede no Museo Arqueolóxico de Cacabelos (León)



Tras o éxito do **I Encontro ArtistasEnRede** celebrado o pasado 13 de xullo de 2013, con asistentes de toda España, e un total de 8 performance no programa, o Museo Arqueolóxico de Cacabelos (León) afronta o **II Encontro ArtistasEnRede** que terá lugar mañá 12 de xullo, coordinado pola galega Paula Cabaleiro e a directora do museo Silvia Blanco. O congreso foi presentado en rolda de prensa o pasado 5 de maio abrindo nese momento 2 convocatorias para artistas para participar no foro de presentación e no ciclo de performance.

PROGRAMA DE CONFERENCIAS DE PROFESIONAIS DO TRABALLO EN REDE

O M.AR.CA. preparou unha xornada intensa con catro conferencias de profesionais que proveñen de diferentes campos da xestión cultural, e que traballan en "rede", en colaboración.

ENCARNA LAGO (xerente da Rede Museística de Lugo) falará de REDE desde os Museos e de conceptos como o museo social, a comunidade, a inclusión, a visibilidade, a participación cidadá, a interacción, o patrimonio e a colaboración interinstitucional; **XULIA SANTISO** e **PATRICIA AMIL** (membros de TERRITORIO CULTURA, A Coruña) falarán de REDE desde a xestión cultural, a didáctica de exposicións, o comisariado e a organización dun macroproyecto como a feira Cuarto Público; **PEDRO GALLEGO** e **MARTA ÁLVAREZ**, de LA GRAN



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO

(empresa editora de libros de artistas e obxectos de autor. Xestores culturais. Valladolid), falarán de REDE, da produción, a edición, as feiras, as vendas e a representación de artistas; **FRANCISCO PORTO, ROCÍO OSORIO** e **ESPERANZA PORTO**, de LA LATA MUDA (revista dixital de Arte Contemporáneo, empresa de Xestión cultural e Deseño & Comunicación. Salamanca) falarán da REDE dende a difusión, as plataformas online e a crítica, dos bloggers, as RRSS e o deseño.



[| Encuentro ArtistasEnRed, xullo de 2013]

GALEGOS/AS NO FORO DE PRESENTACIÓN E CICLO DE PERFORMANCE

O congreso se completará cunha tarde dedicada aos proxectos de creación. Un **foro de presentación** dará voz a 15 participantes artistas e xestores (que foron seleccionados por un xurado) onde amosarán en 5 minutos o seu traballo. Entre eles temos **artistas galegos** como Enrique Tenreiro ou Jose Caamaño, e unha xestora moi vinculada á Rede Museística, Pilar Sánchez. A media tarde comezará un **ciclo de performance** que terá por escenario diversos espazos do museo, con accións artísticas que poñen en diálogo arte, danza, música e teatro. Entre as pezas



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO

seleccionadas destacan varias **creadoras galegas**: Neves Seara, Paulova, Mónica Mura e Adriana Pazos.

UN TOTAL DE 80 PERSOAS ASISTIRÁN AO ENCONTRO

Entre público, participantes e poñentes, a xornada levará ao Museo Arqueolóxico de Cacabelos unhas **80 persoas**. Ademais, o encontro conta cunha **cea de recepción esta noite no Palacio de Canedo** (patrocinada por Prada a Tope), ademais dunha "comida en rede" na Moncloa de San Lázaro, o día da xornada.

MÁIS INFORMACIÓN | <http://encuentroartistasenred.wordpress.com/>



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo
